



10 ideas para poñer a #AgendaJuventud sobre a mesa nas eleccións europeas 2019

1. As persoas mozas preocúpanse por un desenvolvemento sostible

Está en xogo o futuro, xa que a nosa xeración e a da nosos fillos e fillas estarán mais afectadas polo impacto das decisións políticas tomadas hoxe, especialmente as decisións sobre accións relacionadas co cambio climático. Apoiamos políticas responsables e políticas sostibles.

¿Sabías? O 48.8% das persoas mozas (entre 18-35) cualifica o cambio climático e a destrución da natureza como o problema global mais grave (Global Shapers Survey 2017)

→ **Idea 1:** Priorizar o benestar das persoas, as xeracións futuras e o planeta en tódalas decisións e políticas.

Promover a implementación integral da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible e o Acordo de París como unha prioridade dentro da UE. Para elo, hai que tomar indicadores de referencia para medir o progreso que non só midan o Produto Interior Bruto (PIB) e o crecemento económico, senón que inclúan unha perspectiva ecolóxica nos mesmos.

2. As persoas mozas aínda non poden conseguir traballos cualificados en Europa.

As persoas mozas aínda loitamos por atopar traballo. Cando o facemos, enfrontámonos a salarios baixos, a curto prazo ou a postos de traballo a tempo parcial, auto emprego forzado ou a bolsas non remuneradas. O traballo non estándar – como por exemplo as fórmulas de traballo temporal – tamén está en aumento entre as persoas mozas, pero a protección destinada aos postos de traballo das persoas mozas e aos novos empregos que emerxen segue sendo totalmente insuficiente.

¿Sabías? O 44% das persoas mozas están atrapadas en formas de traballo temporais, a taxa máis alta de tódolos grupos de idade (Eurostat 2017)

→ **Idea 2:** Garantir que as persoas mozas teñan dereito a traballos de calidade e con seguridade

Medidas de apoio que aseguren unha transición de calidade da escola ao traballo. Investir fortemente no programa de Garantía Xuvenil e na mellora da súa eficacia, para que ofrezca un futuro ás persoas mozas, en particular as máis vulnerables. Para elo, habería que establecer unhas condicións mínimas de traballo para tódalas formas de emprego, incluídas aquelas novas realidades de traballo que están xurdindo, formas de emprego, tendo en conta a natureza cambiante do traballo.



3. As persoas mozas en Europa están en maior risco de pobreza e exclusión social

As persoas mozas sen fogar e as condicións precarias de vivenda están en aumento, sendo as persoas mozas entre o 20-30% do número total de persoas sen fogar na maioría dos países europeos. A desigualdade no ingreso en termos xeracionais aumentou, o traballo na economía somerxida e as barreras de acceso á protección social supuxo que as e os traballadores pobres sexan un fenómeno crecente entre a xuventude. As barreras para acceder a empregos de calidade e a protección social, ademais, deixan á poboación mais moza sen posibilidade de aforrar ou contribuír as súas pensións e aos sistemas de benestar, do mesmo modo non se poden beneficiar de tales formas de apoio dende as institucións.

¿Sabías? ¼ das persoas mozas en Europa están en risco de exclusión social (28.8% das e dos mozos de entre 16 e 29 anos, Eurostat 2016)

→ **Idea 3:** Defender os dereitos das persoas mozas e o seu acceso á protección social

Hai que asegurar que cada moza e mozo teña acceso a unha vivenda adecuada e de calidade, que teña acceso a unhas condicións mínimas de vida e ao benestar proporcionado polo Estado.

4. As persoas mozas son as maiores usuarias das novas tecnoloxías, o que nos expón aos riscos asociados có aumento da desinformación en liña.

Usamos as redes sociais, entre outros, para fins políticos, para ler as noticias e para establecer contactos con persoas de ideas similares, así como para construír comunidades mobilizadas en torno a unha causa común. Non obstante, as persoas mozas son tamén un dos grupos mais expostos aos riscos asociados có cambio de cara á publicidade selectiva, a cal está dirixida en liña a través de campañas políticas, e ademais sen que haxa unha regulamentación efectiva deste sector de rápido crecemento.

¿Sabías? Un terzo das persoas entre os 18 e 24 anos (33%) di que as redes sociais son a súa principal fonte de noticias, porcentaxe moito mais alto que outros grupos de idade (Reuters Institute 2017). O 83% das e dos europeos considera que as Fake News representan un problema para a democracia en xeral (Comisión Europea 2018).

→ **Idea 4:** Facer partícipe á poboación mais moza nas políticas que configuran a nova tecnoloxía dixital.

Incluír ás persoas mozas na formulación de políticas e priorizar á investigación e as avaliacións do impacto do desenvolvemento tecnolóxico na vida e no futuro das persoas mozas. escoitar a voz da mocidade para avaliar unha lexislación que podería ter un impacto na forma en que funciona o internet ou é empregado. Promover a ensinanza da crítica, así como de habilidades de pensamento relacionadas cos medios e o contido das redes sociais, como son as noticias falsas e as Fake News.



5. As persoas mozas están mais abertas de cara as migrantes e son mais inclusivas que outros grupos de idade.

A pesar de estar expostos a unha alta politización e ao discurso populista negativo nos medios de comunicación, incluíndo os medios en liña e as redes sociais, que con demasiada frecuencia baséanse na desinformación, os mitos e o alarmismo, é mais probable que as persoas mozas baséense en feitos e probas sobre a contribución positiva das migrantes e da diversidade á sociedade.

¿Sabías? O 40% das persoas mozas din que a xestión da migración e a inclusión das refuxiadas debería ser unha prioridade da UE, en comparación cun terzo (35%) que din o mesmo sobre a seguridade e a defensa (Flash Eurobarometro 455, 2017)

→ **Idea 5:** Implementar unha resposta humana e baseada en dereitos á migración, e promover un enfoque sobre os beneficios de vivir en sociedades abertas e diversas.

Adoptar políticas que aseguren ás persoas migrantes e ás refuxiadas sítanse benvidas, sexan incluídas, e sítanse apreciadas pola súa contribución ás sociedades europeas. Actuar para contrarrestar o auxe das narrativas racistas, misóxinas, xenófobas e homófobas nos discursos políticos en Europa.

6. Os intereses das persoas mozas están sendo ignorados polas e polos políticos.

Tenden a favorecer aos de outros grupos sociais, o que leva a políticas que non abordan os desafíos crecentes que as e os mozos en Europa afrontan para acceder aos nosos dereitos, tales como o noso dereito á participación, ao traballo decente, á educación ou a non ser discriminadas.

¿Sabías? A falta de vontade ou a incapacidade dos partidos políticos e das e dos políticos para abordar as preocupacións e intereses das persoas mozas, dun modo simbólico, é unha das barreras mais citadas a súa participación nas eleccións (“A mocidade e a vida democrática en Europa”, Foro Europeo da Xuventude, 2015)

→ **Idea 6:** Proporcionar outras oportunidades, a parte das eleccións, para que os intereses das persoas mozas sexan escoitados na formulación de políticas europeas.

Priorizar o diálogo coa xuventude e as contribucións á formulación de políticas das e dos representantes de organizacións xuvenís como un medio para corrixir o desequilibrio causado pola exclusión política das persoas mozas e outros grupos marxidados.

7. As persoas mozas en Europa están rexeitando as “políticas habituais”



As persoas mozas están participando cada vez menos nas eleccións, especialmente nas eleccións europeas. Estamos elixindo novos movementos políticos sobre os partidos políticos máis establecidos. Isto lévanos a estar infrarrepresentadas nas institucións públicas clave.

¿Sabías? Só o 28% das e dos mozos de entre 18 e 24 anos votaron nas eleccións europeas no 2014, e só o 2% das e dos membros elixidos do Parlamento Europeo tiñan menos de 30 anos (Foro Europeo da Xuventude, 2015)

→ **Idea 7:** Facilitar ás persoas mozas o voto nas eleccións e postularse como candidatas.

Apoiar a redución de idade para votar aos 16 anos, combinando cunha promoción da educación integral, política, económico e cívica nas escolas. Alentar aos partidos políticos a promover ás e aos mozos nas súas propias estruturas e a presentar a candidatas e candidatos mozos. Facer leis que aseguren a transparencia no financiamento e o gasto das campañas políticas. Reforma as leis electorais europeas e nacionais para garantir que cada voto conte, e os escanos correspóndanse cos votos que recibiron.

8. As persoas mozas preocúpanse pola vida en sociedade e a política e teñen moito que dicir.

Estamos máis orientadas á causa, e nos involucramos cando sentimos que podemos marcar a diferenza. Somos voluntarias en organizacións xuvenís, por exemplo, para combatir a desigualdade social e a inxustiza ambiental. As persoas mozas séntense defraudadas polas e polos políticos e os sistemas políticos que non se comprometen con nós, e os sistemas educativos que non recoñecen estas experiencias para a súa contribución ao desenvolvemento persoal.

¿Sabías? Hai unha clara relación positiva entre os datos sobre o voluntariado e a participación das e dos mozos en actividades das organizacións da sociedade civil e os datos sobre o progreso social, o que mostra os beneficios xerais para a sociedade de promover e apoiar a cidadanía activa entre a xuventude (Índice de progreso xuvenil 2017)

→ **Idea 8:** Apoiar e fomentar reformas nos sistemas educativos para axudar a que as persoas mozas convértanse en cidadás activas e asegurar que podamos contribuír ao progreso da sociedade.

Ao recoñecer os títulos en educación formal, ademais da empregabilidade, poñer o foco en brindar educación para a cidadanía de calidade para todas, para que as persoas mozas desenvolvan un pensamento crítico e melloren a alfabetización política e mediática. Apoiar e alentar a reforma dos sistemas educativos para que o voluntariado, o activismo e as experiencias de educación non formal proporcionadas polas organizacións xuvenís sexan recoñecidas polo seu valor educativo e social. Apoiar un mellor recoñecemento das contribucións do traballo, o voluntariado e a educación non formal na vida das persoas mozas e máis amplamente na sociedade.



9. As persoas mozas vense afectadas polas políticas e decisións políticas, non só por aquelas que xeralmente enténdense como “políticas xuvenís”

A nosa vida cotiá vese afectada pola calidade ambiental, por diferentes formas de desigualdade e discriminación interseccional, o impacto das políticas de austeridade, o acceso á asistencia sanitaria, entre outros aspectos da vida e da sociedade. Afrontamos a maioría dos desafíos en termos de oportunidades. Temos que dar forma e estar plenamente incluídos nas sociedades e comunidades nas que vivimos.

→ **Idea 9:** Facer que os dereitos das e dos mozos e o diálogo coa xuventude sexan unha prioridade en tódolos ámbitos políticos.

A realización dos dereitos das persoas mozas debería estar no centro de tódalas políticas que lles afectan. A xuventude debería ter voz en tódalas decisións e políticas que afectan a súa vida cotiá e ao futuro das sociedades nas que vivimos, non só as asociadas tipicamente á xuventude. Facer que sexa un requisito non só consultar, senón tamén decidir coas mozas e mozos, empregar un enfoque baseado en dereitos en toda a formulación de políticas e propostas legislativas da Unión Europea futuras e non só de aquelas tipicamente asociadas á xuventud.

10. As persoas mozas e as organizacións que as representan están sendo silenciadas polos gobernos.

As medidas gobernamentais, tales como leis restritivas, recortes de fondos e incluso ameazas directas a actividades individuais están restrinxindo a capacidade das organizacións xuvenís para operar e levar a cabo as súas actividades.

¿Sabías? O 42% das organizacións xuvenís en Europa non se senten completamente libres de la interferencia do goberno. ¼ das organizacións xuvenís experimentan restricións indebidas e interferencia no seu funcionamento (Foro Europeo de Xuventude, 2018)

→ **Idea 10:** Protexer a sociedade civil e o espazo cívico das persoas mozas en Europa.

Aumentar a financiación dispoñible para as organizacións xuvenís en programas europeos, como Erasmus+ e o seu sucesor, e evitar e impedir calquera intento de restrinxir as súas actividades e a súa capacidade para operar.